

DECRETO DA ALCALDÍA

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS QUE SE DESPRENDEN DE REPARACIÓN VARIAS PARA A POSTA EN FUNCIONAMENTO DA CASA DOS MOSAICOS.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 10-2020, por un importe total de 30.000,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2020.

Vista a proposta desta Alcaldía de data 15/06/2020 na que se pon de manifesto a inexistencia de crédito axeitado e suficiente no Orzamento Xeral Municipal 2020, no nivel de vinculación xurídica para dar cobertura ás obrigas derivadas da posta en funcionamento da Casa dos Mosaicos.

Dada a verificación de inexistencia de crédito adecuado e suficiente, e tendo en conta a dispoñibilidade orzamentaria das aplicacións orzamentarias que ceden crédito segundo se acredita nos estados de execución orzamentaria, procede a tramitación do correspondente expediente de modificación de créditos segundo o seguinte tenor, creando se procede as aplicacións orzamentarias que resulten procedentes:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>Código proxecto</u>	<u>IMPORTE €</u>
33000.22699	30.000,00 €	33381.62600	20XX00033	30.000,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	30.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		30.000,00 €

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto e o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 2020/458 de data 19/06/2020 e en virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 30.000,00 euros para dar cobertura ás obrigas derivadas da **posta en funcionamento da Casa dos Mosaicos:**

Intervencion

m

Refª: ispac1736051053054490503.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 10-2020_ casa dos mosaicos

<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIONES ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>Código proyecto</u>	<u>IMPORTE €</u>
33000.22699	30.000,00 €	33381.62600	20XX00033	30.000,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	30.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		30.000,00 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.